



COMPOSTELA CUP DO CAMIÑO 2008

A Compostela Cup do Camiño 2008 mantén vivo o espírito da súa orixe, a promoción do deporte base e dos valores que van engadidos á práctica de calquera disciplina deportiva: a solidariedade, o sacrificio, o compañeirismo, o traballo en equipo ou o esforzo, entre outros.

A Compostela Cup foi medrando pouco a pouco. Na súa primeira edición contaba con dúas modalidades deportivas: fútbol e fútbol 7.

No 2006 sumáronse o baloncesto e o fútbol sala, mentres que na pasada edición foron o balonmán e o fútbol de veteranos. Para a presente edición, ás disciplinas deportivas mencionadas, uníronse o atletismo en pista e ruta así como o ciclismo.

Ademais, de xeito progresivo tamén foron aumentando o número de categorías de cada un destes deportes.

O incremento do número de modalidades deportivas no Torneo supuxo que pouco a pouco fose medrando o número de participantes e dos seus lugares de procedencia: Galicia, doutras autonomías do territorio español e do estranxeiro.

Porén, a evolución máis importante da competición foi cualitativa. Dende a pasada edición o Torneo cambiou o seu nome polo de Compostela Cup do Camiño para sumar, aos seus obxectivos iniciais a unión entre o deporte e a cultura. O deporte e os distintos Camiños que levan a Compostela.

O novo deseño nace coa finalidade de dar a coñecer o Patrimonio Cultural, Natural e Mitolóxico galego, polo que desde a terceira edición as fases previas do torneo: locais e comarcais, dispútanse ao longo de distintos concellos, pertencentes as catro provincias da nosa comunidade, que forman parte do Camiño de Santiago.

E, sobre todo, a Compostela Cup do Camiño persegue fomentar o intercambio cultural, de ideas, experiencias e pensamentos, entre os seus participantes para fomentar o soño dun mundo mellor, sen fronteiras nin atrancos culturais ou de raza.



COMPOSTELA CUP DO CAMIÑO 2008

Fase Local

A Compostela Cup do 2008 arrancou hai seis meses coa disputa da Fase Local. Esta primeira fase desenvolveuse ao longo de 23 concellos galegos:

Na provincia da Coruña: Abegondo, Ames, Arzúa, Boimorto, Boiro, Cerceda, Ferrol, Noia, O Pino, Oroso, Ourense, Porto do Son, Ribeira e Teo.

Lugo, Ribadeo e Sarria, pola provincia de Lugo.

Pola de Pontevedra: Mos, Pontevedra e Redondela.

E Allariz, Ourense, Verín e Xinzo pola provincia de Ourense.

Esta rolda tamén tivo a localidade portuguesa do Porto como unha das súas sedes.

Na Fase Local da Compostela Cup do Camiño 2008 participaron un total de 220 equipos e 3.735 deportistas.

Fase Comarcal

Por outra banda, os concellos de Ferrol e Ourense foron as sedes da Fase Comarcal. Nesta segunda rolda da competición participaron un total de 41 equipos e 787 deportistas nas modalidades de: baloncesto, fútbol e fútbol sala.

Isto quere dicir que até o de agora na competición participaron un total de 221 conxuntos e 4.522 deportistas.



Fase Final

A Fase Final Internacional da Compostela Cup do Camiño 2008 comeza o vindeiro sábado día 14 de xuño e para a mesma están inscritos máis de 400 equipos o que supón que se disputarán máis dun millar de partidos e probas.

E cando remate a presente edición serán máis de 13.000 os deportistas que gozaron practicando o seu deporte favorito na Compostela Cup do Camiño 2008.

A Fase Final da presente edición do Torneo contará, na disciplina de fútbol, coa participación de equipos procedentes de distintas comunidades autónomas españolas, entre as que se atopan Andalucía ou Castela-A Mancha. E no ámbito internacional está confirmada a presenza de varios clubs portugueses de Braga, Bragança, Lisboa e o Porto.

Ademais, tamén estarán representados os equipos de base dos catro equipos máis representativos do fútbol galego: Deportivo, Celta, Racing de Ferrol e Lugo. Tamén haberá conxuntos das mellores canteiras da nosa comunidade autónoma: Calasanz, Condado, Sagrado Corazón, Santa Mariña, Boiro, Santa Comba, ou as compostelás da SD Compostela, o Ciudad de Santiago, o Conxo ou o Santiago de Compostela.

Na modalidade de baloncesto, destaca a participación na Compostela Cup do Camiño dos equipos das categorías inferiores do CB Pío XII de Santiago, O CB Arxil de Pontevedra, o CB Cidade de Lugo, o CB Marín Peixe Galego e o IB Rosalía de Castro, entre outros.

E tamén de conxuntos procedentes das comunidades autónomas de Castela-León, Cataluña, Extremadura ou Valencia. Así como formacións procedentes de Portugal.

A modalidade de fútbol sala contará cunha ampla representación de equipos galegos, entre os que destacan: O Parrullo FS e o Lobelle de Santiago.

Mentres que para o atletismo acudirán á cita, entre outros, o Clube Atletismo Noia, Atlético A Silva, San Xoán de Ferrol ou a EDM Riveira.

O ciclismo, unha das novidades da presente edición do Torneo, estreará a súa andaina na competición coa disputa dunha proba que sairá de Palas de Rei e terá a súa chegada no Estadio Multiusos de San Lázaro, en Santiago de Compostela.



As datas de celebración das finais en cada modalidade deportiva son:

MODALIDADE	DATA
Balonmán	14 de xuño
F7 Veteranos	16 a 22 de xuño
Baloncesto	19 a 22 de xuño
Atletismo pista	21 de xuño
Fútbol sala	23 a 28 de xuño
Fútbol 11	23 a 29 de xuño
Atletismo ruta	28 de xuño
F11 Feminino	2 de xullo
F7 Feminino	3 a 6 de xullo
F7 Nenos (as)	3 a 6 de xullo
Ciclismo	3 de xullo

Cómpre lembrar tamén que, un ano máis, os deportes maioritarios convivirán coas exhibicións doutras modalidades deportivas como: o Tenis de mesa, a loita, a esgrima ou o xadrez.